


Biblia para Nenos
presenta

Os milagres de Xesús



Escrito por: Edward Hughes

Ilustrado por: Byron Unger; Lazarus
Alastair Paterson

Adaptado por: E. Frischbutter; Sarah S.

Traducido por: www.christian-translation.com

Producido por: Bible for Children
www.M1914.org


©2022 Bible for Children, Inc.

Licencia: Tes o dereito de copiar e imprimir esta historia,
mentres que non a comercialices.

Xesús fixo moitos milagres. Os milagres eran sinais
para mostrar que Xesús é fillo de Deus. O primeiro
milagre aconteceu nunha voda. Xurdiu un problema.
Non había viño suficiente para todos.



María, a nai de Xesús, faloulle sobre o problema, despois díxolle aos servos que fixesen o que Xesús mandara.



3

"Enche estas potas de auga", dixo Xesús. "¿Auga?" preguntarían. Si, auga era o que Xesús pediu.



4

Entón Xesús díxolle a un criado que collese un pote grande e deixará ao encargado da festa probalo. A auga era agora viño! Bo viño! O mellor viño!



5

Os criados quedaron abraiados. Xesús convertera a auga en viño. Só Deus podería facer tales milagres.



6

Xesús fixo outros milagres. Unha noite, el e os seus discípulos foron á casa de Pedro. A sogra de Pedro estaba moi doente de febre.



7

Xesús tocoulle a man a enferma. Nun momento volveu estar ben. Levantouse para servir a Xesús e aos discípulos.




8

Parecía que toda a cidade estaba reunida na porta aquela noite. Viñan enfermos: cegos, xordos, mudos, lisiados. Mesmo as persoas posuídas polos demos amonroáronse preto de Xesús. Podería axudar a tantos?



9

Xesús, o Fillo de Deus, podería axudálos. Xesús axudou. Todos os que acudiron a El foron curados. A xente que se arrastraba con muletas agora podía camiñar, correr e saltar.



10

Viñeron outros, que sufriron transformacións horribles coa lepra.



11

Comenzaron a lucir sans e limpos mentres Xesús os curou.



12

Homes e mulleres con problemas de demos estaban diante de Xesús. El mandoulles aos demos que os abandoasen. Mentres os demos obedecían, as persoas temerosas e infelices convertéronse tranquilas e alegres.



13

Detrás da multitude, catro homes intentaron axudar ao seu amigo con Xesús. Pero non puideron achegarse. Que poderían facer?



14

Levando o enfermo ata o tellado da casa, os catro fieis amigos separaron o tellado e baixárono. Agora estaba preto de Xesús.



15

Xesús viu que os catro amigos tiñan fe. Díxolle ao home enfermo: "Os teus pecados están perdoados. Ergúete da cama e camiña". O home ergueuse, ben e forte. Xesús curarao.




16

Pouco despois, Xesús estaba nun barco cos discípulos. Unha tormenta espantosa axitou o mar. Xesús estaba durmindo. Os aterrorizados discípulos espertárono. "Señor, sálvanos", berraban. "Perecemos!"



17

"Estade quietas", ordenou Xesús ás ondas. Inmediatamente, o mar estaba en calma. "Qué tipo de home é este?" Os seus discípulos murmuraron. Incluso o vento e o mar obedecen. Crían que Xesús era o Fillo de Deus porque os seus milagres mostraban a súa gloria. Os discípulos non o sabían,



18

pero ían ver a Xesús facer aínda maiores milagres mentres servía a Deus entre os homes.

Os milagres de Xesús

A historia dende o Deus da Terra, a Biblia

encóntrase en

Mateo 8-9, Marcos 1-2, Marcos 4,
Lucas 4, Lucas 8, Xoán 2

"A entrada das súas palabras danos luz."
Salmo 119:130

19

40

O final

60

20

Esta historia bíblica fálanos sobre o noso marabilloso Deus, quen nos creou e quere que ti o coñezas.

Deus sabe que nós fixemos malas cousas, ás que El chama pecados. O castigo dese pecado é a morte, pero Deus ámanos moito. El enviounos o seu único Fillo, Xesús, para morrer na Cruz e ser castigados polos nosos pecados. Entón Xesús volveu a vida e foi á casa, ó Ceo! Si ti cres en Xesús e lle preguntas que esqueza os teus pegados, El farao! El volverá e vivirá en ti agora, e ti vivirás con El para sempre.

Si ti crees nesta verdade, dille isto a Deus:
Querido Xesús, Eu creo que ti es Deus, convertícheste en home para morrer polos nosos pecados e agora ti estás vivo outra vez. Por favor, entra na miña vida e perdoa os meus pecado, así eu poderei ter agora unha nova vida, un día estarei contigo para sempre. Axúdame a obedecerche e vivir por ti como o teu fillo. Amén.

Lee a Biblia e fala con Deus todos os días! Xoán 3:16